

BOLETÍN INFORMATIVO

Unidade de Igualdade

N.º 29 - Maio de 2019

CONTIDO

CONTIDO	1
CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS	2
CURSOS	2
CONVOCATORIAS	3
CONGRESOS	3
AXENDA	4
NOVAS DO DUVI.....	5
DESAPRENDENDO A DESIGUALDADE	7
NOVAS ADQUISICIÓNBS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (MARZO 2019).....	8

CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

CURSOS

Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo [+Info](#)

Curso «Autoestima e resolución de conflictos».

Período de docencia: do 6 de maio ao 8 de xullo.

Horas de duración: 25.

Lugar de realización: Oficina Municipal de Distrito Casco Vello ou no local da asociación (Rúa da Oliva, n.º 12, 2.º).

Feminicidio.net [+Info](#)

Continúa aberto o prazo de inscrición para os cursos:

«A trata de persoas: unha visión xurídico-política»; «Homes, pornografia e prostitución»; «A revolución feminista: da teoría ás rúas polas Towanda Rebels»; «Violencia sexual: ferramentas teórico-prácticas de abordaxe integral».

Agora. Espazo de formación feminista [+Info](#)

Cursos en liña. Prazos abertos en outubro e febreiro.

«Posmachismo e neomachismo: a nova estratexia contra a igualdade»; «Creatividade ciberfeminista»; «Acoso sexual laboral e acoso por razón de sexo»; «Teorías do desenvolvemento, teorías feministas e cooperación internacional ao desenvolvemento»; «Violencia de xénero: Como previla, identificala e combatela»; «Mulleres artistas e feminismos: xenealoxías e creación artística actual»; «Igualdade e coeducación na escola e a familia»; «Bases metodolóxicas para a formación - sensibilización en xénero» (nivel de iniciación e avanzado); «Prevención educativa de violencia sexual e de xénero coa mocidade»; «Redeseñando a masculinidade desde a igualdade. Os homes que hai en mim»; «Cuestionando o efecto pintalabios e outros contos. Introdución á economía feminista».

CONVOCATORIAS

A Xunta de Galicia convoca o Premio

Comunicar en Igualdade 2019 [+Info](#)

Convócase en dúas modalidades: para profesionais do xornalismo e para alumnado universitario.

Ten por obxecto recoñecer traballos de tipo xornalístico que contribúan á defensa e difusión dos valores da igualdade entre mulleres e homes, así como á loita contra a violencia de xénero.

As solicitudes deben presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>. O prazo de presentación das solicitudes rematará o 16 de setembro.

Baixo o lema (Re)construíndo o coñecemento [+Info](#)

A Universidade da Coruña organiza a VI edición da Xornada Universitaria Galega en Xénero que terá lugar o 14 de xuño na Facultade de Dereito.

Amplíase o prazo de recepción de comunicacóns nunha semana.

Congreso Internacional «O público e o privado. Xénero, compromiso e transgresión entre o século XIX e o XXI» [+Info](#)

Datas de celebración: do 23 ao 25 de outubro de 2019 na Universidad de Alicante.

Organiza: Proxecto de Investigación «Xénero, compromiso e transgresión en España, 1890-2016» (Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades - Fondos FEDER).

Ampliación do prazo de recepción de propostas de comunicación ate o día 20 de maio.

ADHUC – O Centro de Investigación Teoría, Xénero, Sexualidade organiza a IV Xornada de mestrado [+Info](#)

Data límite para enviar propostas: 16 de maio de 2019.

Esta actividade de investigación interdisciplinaria diríxese a estudantes de mestrado que realicen (ou realizasen nos dous últimos cursos) o seu traballo de fin de mestrado (TFM) ao redor de cuestións teóricas ou aplicadas no ámbito dos estudos de xénero e

sexualidade. O obxectivo é expoñer e debater investigacións innovadoras que afonden en cuestións teóricas e metodolóxicas destes campos de estudo e/ou apliquen estes coñecementos á análise da producción cultural e artística, o pensamento, a historia, as prácticas sociais e a bioética.

Premio AEIHM 2019 a artigos de investigación en historia das mulleres [+Info](#)

O prazo de presentación dos traballos finaliza o 31 de maio de 2019.

Revista *Investigaciones Feministas* [+Info](#)

A revista realiza unha chamada para a coordinación do seu seguinte número monográfico (Vol. 11, n.º 2, 2020) sobre a seguinte temática: «metodoloxías feministas». Acéptanse propostas de monográficos ata o próximo 1 de maio de 2019. Para iso debe enviarse a información solicitada segundo o formulario adxunto ao Consello de Redacción da revista (rdinvest@ucm.es) para a súa avaliación.

Datas previstas:

- Data de recepción de artigos para o monográfico: 30 de setembro de 2019.
- Data de resolución: maio de 2020.

Lectora: revista de dones i textualitat fai un chamamento para contribuír no dossier número 26: «Decorar o corpo: xemas, xoias e adornos na literatura» [+Info](#)

Data límite: 15 de decembro de 2019.

Este *dossier* acepta artigos que se aproximen aos debates sobre a cultura das xoias e dos adornos na literatura desde a perspectiva de xénero e a crítica cultural que se deriva. Presta especial atención á evolución histórica desta representación e como se traduce en textos más contemporáneos.

II International CIEG Congress. Gender, Feminist and Women's Studies: Reflexivity, resistance and action. [+ Info](#)

Important dates:

May 15, 2019 - Deadline to register with a reduced Early Bird registration fee.

May 31, 2019 - Final registration deadline for participants with accepted abstracts (Participants not registered will be withdrawn from the Congress Programme).

Signs Special Issue: RAGE [+ Info](#)

Journal of Women in Culture and Society convides submissions for a special issue titled “Rage,” slated for publication in the summer of 2021.

The deadline for submissions is September 15, 2019. We especially seek contributions from perspectives that have been underrepresented in recent issues and that make strong arguments in clear, accessible language. Please check out the call for papers and circulate it to your colleagues.

CONGRESOS

Seminario permanente de violencia de xénero - Universidad Carlos III de Madrid. Instituto de Estudios de Género [+Info](#)

O «Seminario permanente sobre violencia de xénero» ten como obxectivo abrir un espazo de diálogo interdisciplinario que aborde as distintas cuestións que conforman a violencia de xénero para así lograr un mellor coñecemento sobre o tema que nos permita contribuír a unha sociedade sen violencias.

Encontro internacional GAC: Xénero, arquitectura e cidade [+Info](#)

Celebrarase na ULPGC do 8 ao 10 de maio de 2019 coa colaboración de Marca Púrpura (Asociación de Mulleres Arquitectas Canarias), Escola de Arquitectura da ULPGC, Unidade de Igualdade da ULPGC, Goberno de Canarias, Cabildo de Gran Canaria, Geursa, COAGC e a Fundación Universitaria de Las Palmas.

AXENDA

Mes de marzo:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Xoves 2:

I Xornadas Italo-Españolas de Feminización e Xustiza (Inés C. Iglesias e María José Bravo Bosch).

Mércores 8: [+Info](#)

«La inmigrante, la nica» - XXIV MITEU

Teatro Principal de Ourense, 20.00 h.

Venres 10: [+Info](#)

«La Sección (Mujeres en el fascismo español)» - Teatro del Barrio (Madrid)

Auditorio Municipal de Ourense, 22.30 h.

NOVAS DO DUVI

De la Vega presidiu o acto de nomeamento dos edificios Exeria, Filomena Dato e Ernestina Otero [+Info](#)

A universidade recupera a memoria e o compromiso da historia de Galicia coas mulleres e a igualdade.

A presidenta do Consello de Estado denuncia un modelo que mata e viola mulleres polo feito de selo.

O Teatro Principal acolle ata o venres un foro que abriu a socióloga Saskia Sassen [+Info](#)

As fronteiras estatais, económicas e sociais centran a XXXVI Semana Galega de Filosofía.

Organizada pola Aula Castelao, coa colaboración da Vicerreitoría e do concello.

Ciencias da Educación e do Deporte acolle unhas xornadas de formación neste eido [+Info](#)

Como combater os estereotipos de xénero desde a didáctica das artes.

A expresión artística, corporal ou musical foron abordadas nos seus diferentes talleres.

A clasificación destaca o papel da institución como promotora de alianzas para acadar os ODS [+Info](#)

O THE University Impact Rankings 2019 recoñece a implicación da universidade na consecución dos obxectivos da Axenda 2030. Participaron case 500 universidades de preto de 80 países.

Segundo a catedrática María Acale, que ofreceu un relatorio sobre a sentenza da «Manada» [+Info](#)

Reducir a revitimización, obxectivo básico da futura reforma dos delitos contra a liberdade sexual.

Reflexionou sobre as diferentes

proposicións e anteproxectos de lei sobre violencias sexistas.

150 persoas participan este xoves nas XVI Xornadas Interxeracionais [+Info](#)

Un día para a convivencia sen barreiras sociais.

Están organizadas por alumnado de Educación Social do campus.

Nun libro colaborativo que percorre a vida e obra de trece científicas [+Info](#)

Un equipo de investigación da universidade ilumina as figuras das matemáticas Sofía Kovalevsky e Caroline Herschel.

O volume está impulsado por Marta Macho Stadler, profesora na Universidad del País Vasco.

Ciencias da Educación e do Deporte acolleu un foro sobre bo uso e mal uso do mar [+Info](#)

Unha xornada e unha exposición para combater a invisibilidade dos océanos e das mulleres do mar.

A mostra permanecerá na facultade ata finais de abril.

O II Premio Masonería Aberta dá protagonismo ás mulleres que pertenceron a estas sociedades [+Info](#)

A Facultade de Historia acolleu a presentación dunha nova edición desta iniciativa.

O prazo de presentación de traballos está aberto ata o 30 de setembro.

Ciencias da Educación e do Deporte acolle un taller de educación musical para a inclusión [+Info](#)

A música une a alumnado e usuarios de Xuntos Down nunha experiencia de

aprendizaxe.
Promovido pola vicerreitoría do campus.

**Recursos educativos abertos
achegarán o «mar das mulleres» aos
centros de ensino [+Info](#)**

Realizados por investigadoras de Ciencias da Educación e do Deporte, nun proxecto da Deputación.

Afondan na importancia dos océanos e o papel da muller na súa conservación.

**O campus de Ourense acolleu os
III Encontros «A educación dende
o compromiso co territorio» [+Info](#)**

Buscando ideas para transformar as urbes en cidades educadoras.

A cita centrouse no exemplo de Pontevedra.

**13 propostas docentes para
promover a perspectiva de xénero
nos tres campus [+Info](#)**

A Unidade de Igualdade subvenciona a organización de xornadas, conferencias e congresos.

Desenvolveranse ao longo deste ano 2019.

**O alumnado de Ciencias da
Educación deseña a súa propia
«biblioteca transformadora» [+Info](#)**

Co gallo do Día Internacional do Libro Infantil, realizan unha proposta de lecturas recomendables.

A exposición de materiais está na entrada do Edificio de Ferro.

**Ás eleccións concorren catro
partidos creados polo alumnado no
marco dunha materia. Feminismo,
ecoloxismo e populismo inspiran a
contenda electoral ficticia de
Ciencias Sociais e da
Comunicación [+Info](#)**

A votación terá lugar o 11 de abril.

DESAPRENDENDOA DESIGUALDADE

Premios Egeria 2017 á investigación con perspectiva de xénero

Título	«Piropos sobre apariencia e o corpo sexuado: disfrutados ou rexeitados pola mocidade?».
Autor/a	Raquel Lois Gómez.
Director/a	Yolanda Rodríguez Castro.
Obxectivos de investigación	A través dos piropos transmítense mensaxes en relación coa apariencia física e o corpo sexuado, especialmente no tocante a aspectos sexuais do corpo das mulleres. O obxectivo deste traballo é analizar e identificar a avaliación que fan as e os estudantes universitarios do campus de Ourense dos piropos relativos tanto á apariencia coma ao corpo sexuado e determinar se a avaliación que fan vén determinada pola persoa emisora da mensaxe, sexa unha persoa estraña, unha persoa colega, unha persoa amiga ou unha parella.
Resumo achegas de investigación	O obxectivo do traballo estrutúrase en dúas partes: unha primeira parte teórica e unha segunda parte empírica. Na parte teórica abórdase inicialmente como se constrúen as identidades e como estas están xeneralizadas. No segundo apartado describense os estereotipos de xénero e como o corpo representa un estereotipo descriptivo na construcción da identidade feminina, que reforza unha imaxe da muller obxectivizada. Analízase como os diferentes axentes de socialización inflúen para a construcción de identidade e como estas mensaxes sobre o corpo das mulleres reforzan os estereotipos de xénero e con iso o sexismo que propicia o papel subordinado das mulleres na sociedade. No terceiro apartado desta aproximación teórica abórdase o estudio dos piropos, comezando por una breve revisión histórica que nos vai permitir analizar as transformacións que se teñen producido en relación con esta práctica. Tamén se inclúe unha aproximación ás investigacións que sobre os piropos se teñen feito, especialmente en contextos similares ao noso, como son os países latinos ou de fala hispana. Remata a parte teórica cos estudos que abordan as prácticas de acoso vinculadas aos actos de botar un piropo. Na segunda parte deste traballo exponse o estudio empírico realizado no que se incorpora unha metodoloxía cuantitativa que ten o obxectivo de analizar de que xeito os piropos están ou non presentes nas comunicacións cotiás da mocidade e como os avalían. Os resultados confirmán que tanto as mulleres como os homes gozan máis que se senten obxectivizadas/os polos comentarios recibidos tanto sobre a apariencia como o corpo sexuado; pero as mulleres, a diferenza dos homes, avalían os comentarios en función do emisor: cando son emitidos por estraños séntense máis obxectivizadas e valóranos máis cando son emitidos por parellas. Ademais, a valoración dos comentarios está vinculada coas actitudes sexistas (tanto cara a mulleres como cara a homes), de xeito que a maior sexism, maior goce tanto en homes coma en mulleres.
Ligazón ao traballo completo	

NOVAS ADQUISICIÓNBS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (abril 2019)

BIBLIOTECA BELAS ARTES

Facedoras de Bueu: proxecto de Mar Caldas : Museo Massó, exposición temporal. Caldas, Mar, 1964-[Bueu] : Museo Massó, D.L. 2018. BUV Belas Artes. Depósito: BEL FA.05 CAL, M 2

BIBLIOTECA CAMPUS DE PONTEVEDRA

Antía Cal: educando iguais. García Pico, Alba. [Foz]: Observatorio da Mariña pola Igualdade; Muras: Concello, [2016]. BUV Bca Campus Pontevedra. Depósito: BCP FOLL 638

Plácido Castro, Rosalía e Cantares gallegos. Conferencia Anual Plácido Castro (14.^a. 2013. Pontevedra) [Cambados]: Fundación Plácido Castro, D.L. 2013. BUV Bca Campus Pontevedra. Depósito: BCP FOLL 639

BIBLIOTECA CENTRAL

Género y riesgos psicosociales: guía. Vallellano Pérez, María Dolores. Madrid: Secretaría de Salud Laboral y Medio Ambiente UGT-CEC, D.L. 2018. BUV Central 396 VAL gen

Mulleres na economía: contribucións das mulleres á análise económica: séculos XVIII, XIX e XX. Garza Gil, María Dolores. Vigo: Universidade de Vigo, Unidade de Igualdade, 2019. BUV Central Depósito: PUV 1065

Las musas suben a la tribuna: visibilidad y auroridad de las mujeres en el Ateneo de Madrid (1882-1. Ezama Gil, Ángeles. [Logroño]: Genueve, 2018BUV Central. 396 EZA mus

BIBLIOTECA FILOLOXÍA E TRADUCCIÓN

Las chicas buenas van al cielo y las malas a todas partes. Ehrhardt, Ute. Barcelona: Círculo de Lectores, D.L. 1997.BUV Filoloxía/Traducción. FFT 396 EHR gut

Del amor y otras pasiones: (artículos literarios). Campoamor, Clara, 1888-1972, autor. [Madrid]: Fundación Banco Santander, [2018]. BUV Filoloxía/Traducción. FFT 860.09 CAM del

Emilia Pardo Bazán. Burdiel, Isabel. Barcelona: Taurus, 2019. BUV Filoloxía/Traducción. FFT 860.09 BUR emi

No camiño do vento. Mateo, Sesé. [Vigo]: Lugami, 2019. BUV Filoloxía/Traducción. FFT 860 MAT noc

REVISTAS ELECTRÓNICAS

La promoción del Día Mundial Contra el Cáncer de Mama: campañas de apoyo de los anunciantes español. Torres Romay, Emma. 2018.